

Bloque temático
A AUDITORÍA EXTERNA: REFLEXIÓN PARA MELLORAR ESTA ACTIVIDADE

Coordinadores
FRANCISCO JAVIER LÓPEZ CORRALES / MERCEDES MAREQUE ÁLVAREZ-SANTULLANO
Universidade de Vigo

A idea de elaborar este bloque temático dedicado á auditoría responde á importancia que ten esta actividade, especialmente en épocas de crise, momentos nos que os usuarios da información contable demandan que este servizo sexa de maior calidade e proporcione unha mellor información que contribúa a afianzar a credibilidade dos estados financeiros.

Responden as auditorías ás expectativas dos distintos usuarios da información que necesitan unhas contas co maior grao de fiabilidade posible para a toma de decisións?

Existe diversa literatura a este respecto tanto na Unión Europea coma no ámbito internacional que cuestiona o papel que desempeñan os auditores, e os últimos escándalos financeiros así o confirman. Algúns informes emitidos non fan referencia ningunha á continuidade da empresa, e nalgúns casos non conteñen ningún parágrafo de salvidades.

Coa intención de apuntarmos unha serie de reflexións sobre determinados aspectos da auditoría de contas, presentamos este bloque temático que consta de seis artigos, elaborados na súa maioría por profesores universitarios que contan no seu currículo cunha dilatada experiencia investigadora no campo da auditoría; así mesmo, a actual presidenta do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ICAC) incorpora un traballo relacionado cun tema de máxima actualidade: a independencia do auditor.

Os profesores da Universidade de Vigo, Mercedes Mareque, Francisco López Corrales e María Teresa Fernández, presentan o artigo "Grao de cumprimento dos auditores das Normas Técnicas de Auditoría. Un estudo empírico aplicado ás empresas galegas". Neste traballo, partindo dunha mostra de 1.236 informes de auditoría de empresas galegas non cotizadas, os autores analizan se o formato e o contido dos informes é acorde á normativa vixente e a súa relación co tipo de opinión que contén e o auditor que o emite.

Os profesores da Universidade de Santiago de Compostela, María Rosario Babío, Óscar Suárez e Rosario Vidal, presentan o traballo “Auditoría, comités de auditoría e desvíos na información narrativa”. Este interesante artigo ten como obxectivo principal a análise da implicación do auditor e do comité de auditoría na revisión da información narrativa, denominación xenericamente utilizada para facer referencia aos distintos informes nos que se recollen datos complementarios aos estados financeiros tradicionais. Formulada unha serie de hipóteses relacionadas coa calidade da auditoría e coa presenza de desvíos no informe de xestión, utilizando unha mostra representativa de empresas cotizadas e seleccionada unha serie de variables explicativas e de control, os autores propoñen un modelo de regresión loxístico que relaciona a influencia dos mecanismos de control de calidade da información narrativa cunha serie de variables como, entre outras, a remuneración dos auditores (por servizos de auditoría e por outros servizos), a experiencia do auditor medida en anos ou a representatividade dos comités de auditoría.

“Políticas europeas en tempos de crise” é outro dos artigos que forman este bloque temático, e cuxos autores son María Antonia García Benau, Ana Zorio Grima e Josefina Novejarque Civera. Este traballo trata sobre a visibilidade que a Comisión Europea lle deu ao traballo dos auditores en épocas de crise. Por isto, o obxectivo que formulan os autores neste artigo é debater sobre o modelo normativo da auditoría instaurado en Europa e a forma en que se están emitindo políticas europeas en materia de auditoría para facerlle fronte á crise financeira internacional.

O profesor José Antonio Gonzalo analiza no seu artigo “Requisitos educativos para o acceso e formación continuada dos auditores” as novidades que a Lei de auditoría do ano 2010 e o Regulamento que a desenvolve incorporan en relación co acceso á profesión de auditor, así como con respecto á súa formación continua. Non se trata dunha simple análise descritiva dos cambios introducidos coa entrada en vigor da nova normativa, senón que o artigo tamén pon de manifesto os posibles efectos que eses cambios poden ter na consecución do interese público que debe perseguir a actividade da auditoría de contas tan necesaria para a sociedade actual debido aos difíciles momentos económicos que estamos vivindo e que necesita duns auditores cada vez mellor preparados para responder ás esixencias que a sociedade espera deles.

Os profesores da Universidade de Cádiz, Emiliano Ruiz Barbadillo e Paula Rodríguez Castro, no seu artigo “A natureza da competencia no mercado de auditoría: unha avaliación da literatura”, comentan o control que están exercendo as firmas multinacionais de auditoría no mercado, debido ás sucesivas fusiones que tiveron lugar entre as grandes firmas de auditoría nos últimos anos. A concentración do mercado de auditoría está suscitando interese e, ao mesmo tempo, preocupación por parte dos organismos reguladores, dos académicos e dos distintos colectivos participantes no mercado. A revisión da variada literatura existente sobre os posibles efectos que pode ter o control que exercen as grandes firmas é analizada neste traballo.

A responsabilidade do auditor non só se limita a unha relación coa empresa que se audita, senón que vai máis alá ao asumir consecuencias sociais que se derivan do desenvolvemento da súa función. Os distintos usuarios dos estados financeiros apóianse na información contida neles para a toma de decisións e, en consecuencia, deben contar coa seguridade de que os estados financeiros son dignos de confianza e que presentan razoablemente a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira, así como dos resultados das operacións e dos seus fluxos de efectivo.

Esta seguridade acerca da racionalidade e da integridade dos estados financeiros lógrase se estes van acompañados do informe dun auditor independente. É, precisamente, a independencia do auditor a que lles dá valor e significación aos informes; polo tanto, é o pilar máis importante sobre o que se asenta a auditoría. Non podería faltar nun bloque temático sobre a auditoría de contas un artigo dedicado a este tema de tanta relevancia, que é abordado por Ana María Martínez-Pina, presidenta do ICAC, no que se analiza como se desenvolveu este concepto tanto a nivel nacional coma internacional, así como as súas liñas de evolución nun futuro.

Por último, quixéramos agradecer a todos os autores a súa participación neste bloque temático sobre auditoría e aos editores da *Revista Galega de Economía* pola confianza depositada nos coordinadores para levar a cabo esta iniciativa.